


Obradoiro de recursos informáticos para traballar en galego



Destinado a persoas que desexen ampliar coñecementos sobre os recursos lingüísticos que a informática pon ao dispor da lingua galega. Non se requiren coñecementos de informática, pero convén ter familiaridade na utilización de internet.

Contidos: perséguese un achegamento ao uso integrado do conxunto de ferramentas. O programa organízase en 3 bloques diferenciados:

- Verificación da corrección lingüística
- Aplicacións da tradución automática
- Dicionarios, repertorios terminolóxicos e bancos de datos textuais

Por mor da Covid-19, as persoas deben levar os seus propios ordenadores portátiles, así como máscara e material propio. Terán que cumprir as normas do protocolo⁽¹⁾ Covid que se establecerá para o obradoiro.

Pódese consultar unha proposta pormenorizada para o desenvolvemento do programa consonte esta organización en <http://sli.uvigo.gal/aulas/anl/>

Datas e horario: **13, 15, 20, 22, 27, 29 de outubro de 2020 (de 17:00 a 19:30).**
Total: 15 horas

Lugar: **Auditorio Mar de Vigo (entrada pola porta da UNED-Avda. Beiramar, 59)**

PARA INSCRIBIRSE:

Inscripcións de balde na web do Servizo de Normalización *Lingüística cubrindo o formulario* <https://snl.vigo.org/inscripcion> (deben poñer no título da actividade: *recursos informáticos*)

Protección de datos: Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento das persoas interesadas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro.

No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

⁽¹⁾ O protocolo achegaráselles para o seu coñecemento no momento da preinscripción, e terá que ser remitido (asinado) ao Servizo de Normalización Lingüística 1 día antes do inicio do obradoiro.